

A GAS NATURAL FENOSA

_____, maior de idade, con DNI: _____
e enderezo a efectos de notificación en _____, ante esta
compañía, comparezo, e aos efectos oportunos,

EXPOÑO

PRIMEIRO-. Que son usuario/titular do contrato de subministración de enerxía eléctrica/gas da **vivenda sita en _____, co número de contrato _____** da compañía á que me dirixo.

SEGUNDO-. Que, dende hai tempo, véñense emitindo, en virtude do citado contrato de subministros, facturas por importes demasiado elevados, que non se corresponden co consumo real da vivenda na que resido, facendo un custo total polo servizo prestado, a todas luces, desproporcionado cos termos do mesmo.

TERCEIRO-. O núcleo familiar que reside na citada vivenda está formado por _____ membros, que subsisten con _____ euros mensuais.

Ante esta situación económica resulta evidente que non se pode impór a esta parte a obriga de asumir un custo por facturación como o que veño soportando, ao redor dos _____ euros mensuais de media.

Admitindo que existen conceptos e tarifas coa obriga de cumprir e observancia por FENOSA, o que tamén terá que admitirse é que o consumo, da vivenda na que resido, coas necesidades básicas e propias dun fogar familiar ordinario, e coas circunstancias económicas que acabo de apuntar, resulta afastada de toda proporcionalidade, tal e como por medio do presente escrito expoñemos.

CUARTO-. Que, os contadores situados na vivenda, o seu mantemento e calibración, foron debidamente revisados polo operador autorizado, co que queda acreditado que non existe erro ou desviación nin no rexistro da electricidade consumidos, nin nas lecturas dos mesmos.

Que, do mesmo xeito admite esta parte os conceptos fixados administrativamente, cuxo importe e facturación resulta alleos a esta Compañía, na aplicación da lexislación vixente.

Que polo anterior, o problema do desaxuste e sobrefacturación no subministro eléctrico da miña vivenda ten que vir, necesariamente, pola aplicación irregular das tarifas, servizos e modalidades de contratación.

QUINTO-. Por todo o que acabamos de expór e ante a imposibilidade desta parte de seguir asumindo unha facturación completamente desproporcionada e abusiva por esta compañía, é polo que, por medio do presente escrito, veño a instar á mesma a que proceda á urxente e necesaria revisión das condicións do contrato de subministro ao que veño refirindo, así como dos conceptos e importes recollidos nas facturas emitidas.

En concreto:

1º. Posibilidade de acollerse o meu contrato ao denominado “Bono Social”, que permite a conxelación da tarifa eléctrica aos consumidores domésticos acollidos á Tarifa de Último Recurso (TUR).

2º. Modalidade de contratación e acceso ao subministro eléctrico, isto é, idoneidade da tarifa aplicable á miña vivenda (gas Básica, Gas óptima, Gas familia, Gas Plus Prima. Óptima eléctrica u Óptima Nocturna Eléctrica).

3º. Potencia contratada.

4º. Término fixo de potencia aplicado.

5º. Aluger de equipo facturado.

6º. Custos de servizo, permanentes e seguridade de abastecimento.

E todo isto, á luz das disposicións actualmente vixentes en canto a acceso ao mercado eléctrico, comercialización r tarifas; especialmente:

-. Real Decreto 1718/2012 de 28 de Decembro polo que se determina o procedemento para realizar a lectura e facturación dos subministros de enerxía en baixa tensión con potencia contratada non superior a 15KW.

-. Lei 54/1997 de 27 de Novembro do Sector Eléctrico.

-. Real Decreto 1955/2.000 de 1 de Decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, de enerxía eléctrica.

-. Real Decreto 485/2009 de 3 de abril polo que se regula a posta en marcha do subministro de último recurso no sector da enerxía eléctrica.

-. Orden ITC/1659/2.009 de 22 de Xuño polo que se establece o mecanismo de transportes de clientes do mercado a tarifa ao subministro de último recurso, de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura de último recuso de enerxía eléctrica.

SEXTO-. En caso de non procederes oportunamente por esta Compañía, verémonos na obriga de proceder ao cambio de empresa comercializadora, facendo uso da facultade de elección da compañía subministradora, tras o proceso de liberalización do mercado.

SÉPTIMO-. Que resulta completamente inadmisíbel que se estea a producir esta situación, non só no caso da miña contratación, senón no de moitos fogares que, como o meu, vense ante a imposibilidade de asumir o custo dun servizo básico como o da enerxía eléctrica, que, como tal, constitúen bens de primeira necesidade que non poden quedar ao arbitrio dunha aplicación cuasi fraudulenta na facturación, como a que levamos sufrindo.

Efectivamente, o sobrecusto na facturación por parte de esta Compañía, é un problema ao que veñen facendo fronte multitude de consumidores dende hai aproximadamente ano e medio, que viron como as súas facturas de electricidade chegaron a se duplicar no seu importe, mentres os seus consumos permanecen moi similares, cando non inalterables.

O máis grave é que, como ven sendo habitual, esta situación está a castigar máis duramente ás familias e fogares con menos recursos, que, subsistindo cun escaso nivel de ingresos mensuais, que veñen, casi na súa maioría, de Prestacións Non Contributivas e axudas sociais, vense ante a absoluta imposibilidade de facer fronte a facturas que rondan os 200 e 300 €/mes.

A isto hai que engadir a práctica habitual de Unión FENOSA de proceder ao corte de subministro en canto prodúcese un impago dunha factura, opoñéndose, ou obstaculizando sobremanera o abono fraccionado de semellantes contías que, en moitas ocasións, chegan a metade do orzamento familiar mensual.

É intención de esta reclamante non parar no meu empeño, acudindo á vía xurisdiccional de seres preciso, de pór fin a tan inxusta situación, na que, o que, con prácticas abusivas e en fraude de lei, o que se está a facer é especular coa luz, e en definitiva, coa saúde das persoas. E con isto, impedir, de facto, que os máis castigados pola difícil situación económica, fagan uso dun servizo básico, imprescindible para o noso benestar.

Polo exposto,

SOLICITO: Que tendo por presentado este escrito, admítase, e no seu oportuno mérito, teña por presentada RECLAMACIÓN contra a facturación do subministrador de electricidade da vivenda sita en _____, e tras os trámites que resulten necesarios:

1º. Procédase á contratación/modificación da tarifa de acceso á enerxía eléctrica segundo consumo real da citada vivanda.

2º. Révise o procedemento de cálculo das lecturas estimadas reflectidas nas facturas emitidas.

3º. Estúdiase a posibilidade da miña inclusión no denominado “bono social”, e no caso de cumprires esta parte coos requisitos esixidos para isto, procédase á tramitación e concesión do mesmo.

4º. Aplíquense correcta e xustamente os conceptos fixos e estruturais.

5º. Révise xustificadamente a procedencia da facturación do aluguer do equipo e o contador segundo a lexislación vixente.

Vigo, ____ de _____ de 2013

Asinado _____